

Os procedementos de mostraxe e de análise das aflatoxinas deben ser moi rigorosos debido á distribución heteroxénea destas micotoxinas nos lotes sometidos a mostraxe. Por este motivo, aprobouse a Directiva 2002/27/CE, que modifica a Directiva 98/53/CE, pola que se fixan métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo dalgúns contaminantes nos produtos alimenticios, na que se recollen os requisitos específicos sobre os procedementos de mostraxe e de análise para as aflatoxinas en especias.

En definitiva, faise necesaria a transposición da Directiva 2002/27/CE citada para a incorporar ó ordenamento xurídico español.

A presente orde dítase en aplicación do regulado na disposición derradeira segunda do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro.

Na súa virtude, oídos os sectores afectados e as comunidades autónomas, logo de emitir informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos I e II do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro.*

Os anexos I e II do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, quedan modificados mediante o contido nos anexos I e II desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de febreiro de 2003.

PASTOR JULIÁN

ANEXO I

1) O punto 4.b) substitúese polo seguinte:

«b) Peso da mostra elemental: o peso da mostra elemental será aproximadamente 300 gramos, a menos que o peso da mostra estea definido doutra forma no punto 5 do presente anexo e con excepción das especias, en que o peso da mostra elemental será duns 100 gramos. No caso dos lotes que se presentan en envases destinados ó comercio minorista, o peso da mostra elemental dependerá do peso do mencionado envase.»

2) O título do punto 5.A) modifícase do seguinte xeito:

«A) Resumo xeral do método de mostraxe para os cacahuets, os froitos de casca, os froitos desecados, as especias e os cereais.»

3) O cadro 2 do punto 5.A) modifícase do seguinte xeito:

As especias engádense ó cadro 2 do seguinte xeito:

Producto	Peso do lote (toneladas)	Peso ou número dos sublotes	Número de mostras elementais	Peso mostra global (kg)
Especias.	≥ 15 < 15	25 toneladas. —	100 10-100*	10 1-10

4) O título do punto 5.B) modifícase do seguinte xeito:

«B) Cereais (lotes ≥ 50 toneladas), cacahuets, pistachos, noces do Brasil, figos secos e especias.»

5) Na letra d) do punto 5.B.1.º engádese a seguinte frase:

«No caso das especias, o peso da mostra global non superará os 10 kg e, polo tanto, non será necesaria unha división en submostras.»

6) A letra a) do punto 5.B.2.º modifícase do seguinte xeito:

«Para os cacahuets, os froitos de casca e os froitos desecados destinados a someterse a un tratamento de selección ou a outros tratamentos físicos e as especias:»

7) Engádese o punto 6 co seguinte texto:

«6. Toma de mostras na fase de comercio minorista: a toma de mostras na fase de comercio minorista debería efectuarse, na medida do posible, de acordo coas disposicións sobre toma de mostras anteriormente mencionadas. En caso de que non sexa posible, poderán utilizarse outros procedementos efectivos de toma de mostras na fase de comercio minorista, sempre que garantan unha representatividade suficiente do lote obxecto da mostraxe.»

ANEXO II

1) O cadro da letra c) do punto 4 modifícase do seguinte xeito:

Na columna «Banda de concentración» do cadro, tódalas concentracións expresadas «µg/litro» deben ser substituídas por «µg/kg», e a banda de concentración «0,01-0,5 µg/kg» correspondente a recuperación de aflatoxina M1 debe ser substituída por «0,01-0,05 µg/kg».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4151 *REAL DECRETO 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns.* («BOE» 51, do 28-2-2003.)

A chamada sociedade da información, é dicir, a plena incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación ás actividades sociais e económicas, constitúe un factor estratéxico esencial para garanti-lo desenvolvemento do noso país nun escenario dun vertixinoso progreso da tecnoloxía e de mundialización de mercados, no que xa non é posible competir se non é a través de produtos cun alto valor engadido.

Nese contexto, as administracións públicas están chamadas a desempeñar un papel fundamental para conseguir unha efectiva extensión e implantación do uso das ferramentas tecnolóxicas entre os cidadáns e, especialmente, entre as pequenas e medianas empresas.

O Goberno da nación persegue a implantación da «Administración electrónica» mediante accións emprendidas desde unha tripla perspectiva: por unha parte, a través de actuacións de dotación de infraestruturas, recursos e solucións tecnolóxicas, articuladas na iniciativa estratéxica Info XXI; por outra, mediante actuacións orientadas ó logro de obxectivos concretos de simplificación administrativa, considerada como condicionante e presuposto da «Administración electrónica», que se estruturan nos plans xerais de simplificación; e, finalmente, por medio da preparación e articulación de adap-

c

tacións normativas que permitan unha eficaz aplicación de solucións tecnolóxicas.

Neste último marco, na Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificáronse dúas normas características pola singular transcendencia que presentan en canto ás relacións entre os cidadáns e as administracións públicas: a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, coa finalidade de impulsa-lo uso das técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade administrativa.

Para alcanza-los obxectivos das modificacións anteriormente sinaladas, resulta necesario articular regulamentariamente o funcionamento dos rexistros telemáticos, as notificacións telemáticas e os certificados e transmisións telemáticas.

Neste sentido, resulta fundamental ter en conta as vantaxes que desde o punto de vista da xestión administrativa representa a presentación telemática das solicitudes e demais documentación esixible. Iso permitiría axiliza-los trámites administrativos e reduci-los prazos de resolución e notificación.

É importante salientar que o uso dos medios e técnicas telemáticas se fará de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Por outro lado, buscouse en todo momento a garantía da autenticidade, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e conservación dos documentos regulados no presente real decreto.

O real decreto estrutúrase en tres artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O artigo 2 modifica o Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que a Administración xeral do Estado regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, co fin de desenvolve-la regulación das notificacións telemáticas, os certificados telemáticos e as transmisións de datos.

Mediante as notificacións telemáticas introdúcese un novo instrumento de comunicación entre o cidadán e a Administración que contribuirá a simplificar tanto estas relacións como a actividade da Administración. A redución das cargas e barreiras burocráticas que a actividade administrativa impón converteuse no correlato indispensable das medidas de liberalización económica e fomento da iniciativa privada e a libre competencia.

Unha das ideas subxacentes a este real decreto é o fomento dunha nova cultura administrativa na que o papel, na medida do posible, vaia sendo substituído polos documentos telemáticos, cos aforros tanto económicos como de espazo físico que iso implicará. O sistema baséase na necesaria autorización do interesado para poder substituí-los certificados en soporte papel, salvo que unha norma con rango legal así o dispoña.

Por outro lado, as transmisións de datos permitirán o intercambio de información entre os distintos órganos da Administración xeral do Estado, liberando así o cidadán da carga de ter que achega-los devanditos datos.

No artigo 3 introdúcese as modificacións ó Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro, ó engadir un novo capítulo no que se regulan os rexistros telemáticos.

A pesar da denominación destes como rexistros, atopámonos ante unha figura radicalmente distinta ós rexistros convencionais, de modo que as funcións e funcionamento dos rexistros telemáticos non poden asimilarse ó resto dos rexistros administrativos.

Estes rexistros unicamente poderán recibir e remitir solicitudes, escritos e comunicacións relativas ós trámites e procedementos que se especifiquen na súa norma de creación, e non poderán, en ningún caso, realizar funcións de expedición de copias seladas ou compulsadas dos documentos que se transmitan xunto coa solicitude, escrito ou comunicación.

En definitiva, a regulación que se efectúa pretende impulsa-lo uso das técnicas telemáticas na actividade administrativa e, en especial, nas súas relacións co cidadán, co obxectivo de lograr unha maior eficacia e servizo ós cidadáns.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Facenda e de Administracións Públicas, logo do informe do Consello Superior de Informática e da Axencia de Protección de Datos, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de febreiro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten como obxecto a regulación dos rexistros telemáticos, as notificacións telemáticas e os certificados e transmisións telemáticas, en desenvolvemento dos artigos 38.9, 45, 59.3 e da disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como dos puntos 3 e 8 do artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

2. O disposto neste real decreto aplicárase en todo caso de conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 2. Modificación do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que a Administración xeral do Estado regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas.

1. Engádese ó Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que a Administración xeral do Estado regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, un novo capítulo IV, integrado polo novo artigo 12, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO IV

Notificacións telemáticas

Artigo 12. *Regulación das notificacións telemáticas.*

1. Os órganos administrativos e os organismos públicos poderán habilitar sistemas de notificación utilizando medios telemáticos de acordo co disposto no presente artigo.

2. Poderase practica-la notificación por medios telemáticos ós interesados cando, ademais dos requisitos especificados no artigo 7 deste real decreto, aqueles así o manifestasen expresamente, ben indicando o medio telemático como preferente para a recepción de notificacións na súa solicitude, escrito ou comunicación, ou ben consentindo o devandito medio por proposta do correspondente órgano ou organismo público.

3. Para a eficacia do disposto neste artigo, todo interesado que manifeste a súa vontade de ser notificado por medios telemáticos en calquera procedemento deberá dispor, coas condicións que se establezan, dun enderezo electrónico habilitado

para iso, que será único para tódalas posibles notificacións que practicará a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos. O enderezo electrónico único deberá cumprir-las seguintes requisitos:

- a) Posuír identificadores de usuario e claves de acceso para garanti-la exclusividade do seu uso.
- b) Contar con mecanismos de autenticación que garantan a identidade do usuario.
- c) Conter mecanismos de cifrado para protexer-la confidencialidade dos datos.
- d) Calquera outro que se fixe legal ou regulamentariamente.

O enderezo electrónico único terá vixencia indefinida, agás nos supostos en que o titular solicite a súa revogación, por falecemento da persoa física ou extinción da personalidade xurídica, que unha resolución administrativa ou xudicial así o ordene ou polo transcurso de tres anos sen que se utilice para a práctica de notificacións, suposto no cal se inhabilitará o enderezo electrónico único, comunicándollo así ó interesado.

4. A notificación practicarase por medios telemáticos só para os procedementos expresamente sinalados polo interesado. Durante a tramitación do procedemento, e unicamente cando concorran causas técnicas xustificadas, o interesado poderá requirir-lle ó órgano correspondente que as notificacións sucesivas non se practiquen por medios telemáticos, utilizándose os demais medios admitidos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, ou no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

5. O sistema de notificación deberá acreditar-las datas e horas en que se produza a recepción da notificación no enderezo electrónico asignado ó interesado e o acceso deste ó contido da mensaxe de notificación, así como calquera causa técnica que imposibilite algunha das circunstancias anteriores. Cando, existindo constancia da recepción da notificación no enderezo electrónico, transcorren dez días naturais sen que acceda ó seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada.»

2. Engádese ó Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que a Administración xeral do Estado regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, un novo capítulo V, integrado polos novos artigos 13, 14 e 15, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO V

Certificados telemáticos e transmisións de datos

Artigo 13. Substitución de certificados en soporte papel.

1. Sempre que o interesado así o autorice ou unha norma de rango legal o dispoña, os certificados administrativos en soporte papel serán substituídos por certificados telemáticos ou por transmisións de datos.

2. En ámbolos dous casos, a súa expedición, tratamento e efectos rexeranse polo disposto neste real decreto con estricte suxeición ó disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 14. Certificados telemáticos.

1. O certificado telemático conterá os datos obxecto de certificación e a sinatura electrónica da autoridade competente para expedilos.

2. A expedición dun certificado telemático realízase:

a) Por solicitude do interesado, a quen lle será enviado ou posto á disposición para a súa remisión ó órgano que o require.

b) Por instancia do órgano requirente, ben por iniciativa do interesado, ou do propio órgano requirente, sempre que conte co expreso consentimento daquel, salvo que o acceso estea autorizado por unha lei. Neste suposto, a petición de certificado identificará o trámite ou procedemento para o que se require e fará constar que se dispón do consentimento expreso do interesado ou a norma que o exceptúe.

3. Para estes efectos, o consentimento do interesado para que o certificado sexa requirido polo órgano tramitador do procedemento deberá constar na solicitude de iniciación do procedemento ou en calquera outra comunicación posterior, servindo o recibo de presentación desta como acreditación do cumprimento do requisito de presentación do certificado.

4. Os certificados telemáticos producirán idénticos efectos cós expedidos en soporte papel. Para tal efecto, o seu contido deberá poder ser impreso en soporte papel, no que a sinatura manuscrita será substituída por un código de verificación xerado electronicamente que permita se é o caso contrastar-la súa autenticidade accedendo por medios telemáticos ós arquivos do órgano ou organismo emisor.

Artigo 15. Transmisións de datos.

1. As transmisións de datos substitúen os certificados administrativos en soporte papel polo envío, a través de medios telemáticos e cos requisitos de seguridade previstos no artigo 4 deste real decreto, daqueles datos que sexan necesarios para o exercicio por un órgano ou organismo das súas competencias no marco dun procedemento administrativo.

2. A chegada de certificados previstos nas vixentes normas reguladoras de procedementos e actuacións administrativas entenderase substituída, para tódolos efectos e con plena validez e eficacia, polas transmisións de datos que se realicen de acordo co disposto neste artigo.

3. Para a substitución dun certificado pola transmisión dos correspondentes datos, o titular destes deberá consentir expresamente a realización da transmisión, salvo nos supostos previstos en norma con rango de lei. De non presta-lo seu consentimento, o interesado deberá solicitar e achegar-lo correspondente certificado.

4. Toda transmisión de datos se efectuará por solicitude do órgano ou entidade tramitadora, na que se identificarán os datos requiridos e os seus titulares, así como a finalidade para a que se requiren. Na solicitude farase constar que se dispón do consentimento expreso dos titulares afectados, salvo que o devandito consentimento non sexa necesario.

5. Da petición e recepción dos datos deixarase constancia no expediente por parte do órgano ou organismo receptor. Para os efectos da verificación da orixe e a autenticidade dos datos polos órganos de fiscalización e control, habilitaranse mecanismos para que os órganos mencionados poidan acceder ós datos transmitidos.»

3. Engádese ó Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que a Administración xeral do Estado regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e

c

telemáticas, dúas novas disposicións adicionais coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Habilitación para solicitar certificados telemáticos por instancias do órgano requirente.*

1. Nos supostos do artigo 14.2.b) deste real decreto, os órganos que lle requiran certificados ó competente para expedilos designarán a persoa ou persoas da súa organización habilitadas para solicitálos, dotándoas dos correspondentes instrumentos de autenticación.

2. A habilitación á que se refire o punto anterior, así como, se é o caso, a súa revogación, será obxecto de anotación no Rexistro Central de Persoal ou, se é o caso, no rexistro de persoal de cada organismo público, se non tivese a obriga de inscribi-lo seu persoal naquel, e poderá ser consultada polos órganos competentes para a expedición dos certificados.

Disposición adicional cuarta. *Convenios de colaboración con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar convenios de colaboración coa Administración das comunidades autónomas e as entidades integrantes da Administración local, co fin de facilitar a utilización por parte destas administracións, nas súas relacións cos cidadáns, do servizo de enderezo electrónico único ó que se refire o artigo 12 deste real decreto.»

4. O disposto nos puntos anteriores será de aplicación ás notificacións previstas nos puntos 3 e 8 do artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 3. Modificación do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro.

1. Engádesse ó Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro, un novo capítulo VI, integrado polos novos artigos 14, 15, 16, 17 e 18, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO VI

Rexistros telemáticos

Artigo 14. Creación de rexistros telemáticos.

1. A creación de rexistros telemáticos efectuarase mediante orde ministerial ou, no caso de organismos públicos, mediante a disposición que prevea a súa correspondente normativa reguladora. En todo caso, as disposicións de creación de rexistros telemáticos serán publicadas no “Boletín Oficial del Estado” e o seu texto íntegro deberá estar permanentemente dispoñible para consulta no enderezo electrónico ó que deba accederse para presentar solicitudes, escritos ou comunicacións.

2. As disposicións de creación de rexistros telemáticos terán o seguinte contido mínimo:

a) Indicación do enderezo ou enderezos electrónicos ou telemáticos nos que pode accederse ó rexistro.

b) Requisitos técnicos mínimos necesarios para o acceso e a utilización do rexistro.

c) Sistema ou sistemas de sinatura electrónica recoñecidos polo rexistro para a identificación do usuario e a admisión da solicitude, escrito ou comunicación.

d) Identificación orgánica do responsable de seguridade do rexistro e a indicación da dispoñibilidade para consulta dun resumo dos protocolos de seguridade do rexistro e das transaccións telemáticas.

e) Especificación dos trámites e procedementos ós que se refiren as solicitudes, escritos e comunicacións que poden presentarse.

f) Identificación do órgano competente para a aprobación e modificación da relación de solicitudes, escritos e comunicacións que poden presentarse no rexistro, nos termos da alínea e).

g) Indicación do calendario de días inhábiles, estatal, autonómico ou local, que rexe o rexistro, para os efectos da aplicación das regras de cómputo do artigo 18.a).

Artigo 15. Funcións dos rexistros telemáticos.

1. Os órganos da Administración xeral do Estado, así como os organismos públicos vinculados ou dependentes daquela, poden crear rexistros telemáticos ó abeiro do artigo 38.9 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A creación e funcionamento dos devanditos rexistros axustaranse ó disposto neste capítulo.

2. Os rexistros telemáticos realizarán as seguintes funcións:

a) A recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións relativas ós trámites e procedementos que se especifiquen na súa norma de creación e que sexa competencia do órgano que creou o rexistro.

b) A anotación dos correspondentes asentos de entrada e saída de acordo co disposto neste real decreto e nos puntos 2 e 3 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En ningún caso realizarán funcións de expedición de copias seladas ou compulsadas dos documentos que, se é o caso, se transmitan xunto coa solicitude, escrito ou comunicación.

Artigo 16. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións en rexistros telemáticos.

1. Os rexistros telemáticos deberán admitir a presentación por medios telemáticos de solicitudes, escritos e comunicacións relativos ós trámites e procedementos que se especifiquen na súa norma de creación. No enderezo electrónico de acceso ó rexistro figurará a relación actualizada das solicitudes, escritos e comunicacións que poden presentarse naquel.

A devandita presentación terá carácter voluntario para os interesados, e será alternativa á utilización dos lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coa excepción dos supostos considerados nunha norma con rango de lei.

2. A recepción nun rexistro telemático de solicitudes, escritos e comunicacións que non estean incluídos na relación a que se refire o punto anterior, ou que fosen presentados por medios diferentes

ó telemático, non producirá ningún efecto. Nestes casos, arquivaranse, e teranse por non presentadas, comunicándollo así ó remitente.

3. A presentación de solicitudes, escritos e comunicacións en rexistros telemáticos terá idénticos efectos que a efectuada polos demais medios admitidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 17. *Recepción.*

1. A presentación de solicitudes, escritos e comunicacións poderá realizarse nos rexistros telemáticos durante as 24 horas de tódolos días do ano. Os rexistros telemáticos rexeranse pola data e hora oficial española, que deberá figurar visible no enderezo electrónico de acceso ó rexistro. A hora oficial, para os efectos do rexistro telemático, será a correspondente á península e o arquipélago balear, salvo que o rexistro teña como ámbito territorial a Comunidade Autónoma de Canarias, caso en que será a hora oficial correspondente ó arquipélago canario.

2. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo se poderá interromper, polo tempo imprescindible, a recepción de solicitudes, escritos e comunicacións. A interrupción deberáselles anunciar ós potenciais usuarios do rexistro telemático coa antelación que, se é o caso, resulte posible. En supostos de interrupción non planificada no funcionamento do rexistro telemático, e sempre que sexa posible, o usuario visualizará unha mensaxe en que se comunique tal circunstancia.

3. O rexistro telemático emitirá polo mesmo medio unha mensaxe de confirmación da recepción da solicitude, escrito ou comunicación na que constarán os datos proporcionados polo interesado, xunto coa acreditación da data e hora en que se produciu a recepción e unha clave de identificación da transmisión. A mensaxe de confirmación, que se configurará de forma que poida ser impresa ou arquivada informaticamente polo interesado e garanta a identidade do rexistro, terá o valor de recibo de presentación para os efectos do disposto no artigo 6.3 deste real decreto. O usuario deberá ser advertido de que a non recepción da mensaxe de confirmación ou, se é o caso, a recepción dunha mensaxe de indicación de erro ou deficiencia da transmisión implica que non se produciu a recepción, debendo realizarse a presentación noutro momento ou utilizando outros medios.

Artigo 18. *Cómputos.*

A presentación de solicitudes, escritos e comunicacións nos rexistros telemáticos, a súa recepción, así como as remisións de escritos e comunicacións por aqueles, rexerase para os efectos de cómputo dos prazos fixados en días hábiles polos seguintes criterios:

a) Serán considerados días inhábiles para os rexistros telemáticos e para os usuarios destes só os así declarados para todo o territorio nacional no calendario anual de días inhábiles. Para aqueles rexistros telemáticos destinados á recepción de solicitudes, escritos e comunicacións referentes a trámites ou procedementos en que a instrucción e resolución corresponda a órganos cunha competencia territorialmente delimitada a unha comunidade autónoma, provincia ou municipio, serán tamén inhábiles os así declarados no ámbito territorial correspondente.

b) A entrada das solicitudes, escritos e comunicacións recibidas nun día inhábil para o rexistro telemático entenderase efectuada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para estes efectos, no asento da entrada inscribíranse como data e hora de presentación aquelas nas que se produciu efectivamente a recepción, constandingo como data e hora de entrada as cero horas e un segundo do primeiro día hábil seguinte.

c) Os rexistros telemáticos non realizarán nin anotarán saídas de escritos e comunicacións en días inhábiles.»

2. Engádese un novo parágrafo ó punto 2 da disposición adicional primeira do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro, coa seguinte redacción:

«Na devandita relación incluíranse, debidamente diferenciados, os rexistros telemáticos ós que se refire o capítulo VI deste real decreto.»

Disposición adicional primeira. *Modificación do Real decreto 1465/1999, do 17 de setembro, polo que se establecen os criterios de imaxe institucional e se regula a produción documental e o material impreso da Administración xeral do Estado.*

1. Engádese un novo punto 4 ó artigo 8 do Real decreto 1465/1999, do 17 de setembro, polo que se establecen os criterios de imaxe institucional e se regula a produción documental e o material impreso da Administración xeral do Estado, coa seguinte redacción:

«4. Todo modelo normalizado de solicitude correspondente a procedementos nos que se requira a achega de calquera tipo de certificacións emitidas polos órganos da Administración xeral do Estado e os organismos vinculados ou dependentes daquela deberá establecer un epígrafe para que o interesado deixe constancia, se é o caso, do seu consentimento expreso para que os datos obxecto de certificación poidan ser transmitidos ou certificados por medios telemáticos directamente ó órgano requirente.»

2. O punto 2 do artigo 9 do Real decreto 1465/1999, do 17 de setembro, polo que se establecen os criterios de imaxe institucional e se regula a produción documental e o material impreso da Administración xeral do Estado, queda redactado do seguinte xeito:

«2. Todo modelo normalizado de solicitude con efectos fronte a terceiros, calquera que sexa o seu soporte, deberá publicarse no “Boletín Oficial del Estado”.»

Disposición adicional segunda. *Uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos no ámbito da Seguridade Social.*

O disposto neste real decreto non resultará de aplicación ó sistema establecido pola Orde do 3 de abril de 1995, sobre uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en relación coa inscrición de empresas, afiliación, altas, baixas e variacións de traballadores, cotización e recadación no ámbito da Seguridade Social, e demais disposicións de aplicación e desenvolvemento.

c

Disposición adicional terceira. *Cambio de denominación do Consello Superior de Informática.*

1. Desde a entrada en vigor do presente real decreto, o Consello Superior de Informática pasará a denominarse Consello Superior de Informática e para o Impulso da Administración Electrónica.

2. Tódalas referencias ó Consello Superior de Informática realizadas na normativa vixente, a partir deste momento, entenderanse feitas ó Consello Superior de Informática e para o Impulso da Administración Electrónica.

Disposición transitoria única. *Disposicións e aplicacións existentes e prazos para a posta á disposición de certificados telemáticos ou transmisións de datos.*

1. Os dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación establecidos no momento da entrada en vigor do presente real decreto poderanse seguir utilizando de acordo coas normas e criterios que regulan o seu funcionamento no que non contradigan ou se opoñan ó disposto na orde a que se refire a disposición derradeira primeira deste real decreto.

2. Os certificados emitidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e pola Tesourería Xeral da Seguridade Social para a súa achega nun procedemento administrativo serán substituídos, de acordo co establecido nos artigos 13, 14 e 15 do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado, por certificados telemáticos ou por transmisións de datos a partir da entrada en vigor do presente real decreto.

3. No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, os restantes órganos e organismos incluídos no seu ámbito de aplicación adoptarán as medidas precisas para facer efectiva a previsión do artigo 13.1 do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado. Durante ese prazo, por medio de orde ministerial ou resolución do organismo correspondente, faranse públicos os certificados en soporte papel que poden ser substituídos por certificados telemáticos ou por transmisións de datos.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó previsto polo presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Requisitos técnicos dos rexistros e notificacións telemáticas e prestación do servizo de enderezo electrónico único.*

1. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor do presente real decreto, estableceranse, no marco dos criterios de seguridade, normalización e conservación ós que se refire o Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado, os requisitos de autenticidade, integridade, dispoñibilidade e confidencialidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación, así como os protocolos e criterios técnicos ós que deben suxeitarse. Serán obxecto de aprobación por orde do ministro da Presidencia, por iniciativa conxunta dos ministros de Facenda, de Administracións Públicas e de Ciencia e Tecnoloxía, logo do informe do Consello Superior de Informática e para o Impulso da Administración Electrónica.

2. Os protocolos e criterios técnicos para a solicitude e recepción dos certificados telemáticos e as transmisións de datos regulados nos artigos 13, 14 e 15 do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que a Administración xeral do Estado regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, serán os establecidos en cada caso polo órgano certificador ou titular dos correspondentes datos por medio das correspondentes resolucións ou instrucións, no marco dos criterios de seguridade, normalización e conservación ós que se refire o citado real decreto. Sempre que sexa tecnicamente posible, as remisións ou accesos a certificados telemáticos realizaranse a través da intranet administrativa.

3. Na orde á que se refire o punto 1 estableceranse as condicións que deberá reuni-lo órgano, organismo ou entidade habilitado para a prestación do servizo de enderezo electrónico único, así como as condicións da súa prestación.

Disposición derradeira segunda. *Custo económico e entrada en vigor.*

1. A aplicación do disposto neste real decreto non implicará incremento do gasto público. Os gastos necesarios para a implantación das medidas previstas nel afrontaranse con cargo ós orzamentos ordinarios de gasto dos distintos departamentos e organismos incluídos no ámbito de aplicación.

2. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de febreiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

Publicaciones BOE

28ª edición, diciembre de 2002

436 páginas

11 €



Código Penal

Texto actualizado, anotado y concordado de la Ley Orgánica del Código Penal. En apéndices se recogen la Ley Orgánica reguladora de la responsabilidad penal de los menores y articulado vigente del Código Penal, régimen electoral general, represión del contrabando, penas de trabajo en beneficio de la comunidad y arresto de fin de semana.

Gastos de envío gratis comprando en: <http://tienda.boe.es> por importe superior a 15 €

También puede hacer su pedido llamando al 902 365 303

CUPÓN DE PEDIDO

Deseo recibir las siguientes publicaciones:

CÓDIGO PENAL..... ☐

..... ☐

..... ☐

Si quiere recibir información periódicamente a través de correo electrónico sobre las novedades editoriales del BOE, indíquenos su dirección:

E-mail

FORMAS DE PAGO:

- CONTRA REEMBOLSO ☐
- **TARJETA** ☐ MASTERCARD ☐ VISA ☐ AMEX

FECHA DE CADUCIDAD

LA LIBRERÍA DEL BOE

Trafalgar, 27. 28010 MADRID

Tel.: 902 365 303/Fax: 91 538 21 21

<http://www.boe.es>

<http://tienda.boe.es>

N.º DE TARJETA

- Entrega en 48 h. por mensajería: 5 €.

D.

NIF

Domicilio

Población y código postal

Teléfono o fax

....., a de de 2003

Autorizo al BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO a cargar en mi tarjeta las referencias solicitadas.

FIRMA:

Los datos que nos facilite serán incorporados a nuestra Base de Datos de Clientes. Usted podrá acceder, cancelar o rectificar sus datos, según la Ley Orgánica 15/1999.

BOE BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA

IMPRENTA NACIONAL

Avda. Manoteras, 54. 28050 MADRID

Teléfono: 902 365 303

Anuncios: 91 384 15 25

Suscripciones: 91 384 17 15

<http://www.boe.es>



VENTA DE PUBLICACIONES:**La Librería del BOE**

Trafalgar, 27. 28010 MADRID

Tel.: 902 365 303/Fax: 91 538 21 21

http://tienda.boe.es

Y ADEMÁS:**A Coruña** - LIBRERÍA ARENAS**Albacete** - POPULAR LIBROS, S.L.**Alicante** - CILSA LIBROS, S.L.**Almería** - LIBRERÍA PICASSO**Badajoz** - LIBRERÍA UNIVERSITAS**Barcelona** - LIBRERÍAS DE LA GENERALITAT

Rambla dels Estudis, 118 y Rocafort, 122

DIPUTACIÓ DE BARCELONA

Avda. Diagonal, 393

Bilbao - GOMILA LIBRERÍA JURÍDICA, S.A.**Burgos** - FORO 21**Cádiz** - QUÓRUM LIBROS**Ceuta** - LIBRERÍA GENERAL**Cuenca** - LIBRERÍA AGUSTÍN**Ferrol** - LIBRERÍA DEL CAMPUS FERROL, S.L.**Gijón** - LIBRERÍA CORNIÓN**Girona** - LIBRERÍA DE LA GENERALITAT**Granada** - LIBRERÍA FLEMING**Guadalajara** - PAPELERÍA DE MINGO, S.A.**Huelva** - GALERÍA DEL LIBRO - LIBRERÍA SALTÉS**Huesca** - LIBRERÍA MASDELIBROS**Las Palmas** - EL LIBRO TÉCNICO**Lleida** - LIBRERÍA DE LA GENERALITAT**León** - LIBRERÍA PASTOR**Logroño** - ENTRE COMILLAS LIBRERÍA**Lugo** - LIBRERÍA CAMPUS**Ourense** - LIBRERÍA JURÍDICA CASTELAO**Oviedo** - LIBRERÍAS OJANGUREN**Pontevedra** - LIBRERÍA BAROJA**Salamanca** - LIBRERÍA CERVANTES**Santa Cruz de Tenerife** - LIBRERÍA LA ISLA, S.L.**Sevilla** - LIBRERÍA AL-ANDALUS**Tarragona** - LLIBRERÍA ADSERÀ, S.L.**Teruel** - LIBRERÍA SÁNCHEZ**Valencia** - PAPELERÍA VILA, S.A.**Valladolid** - FORO 21**Vitoria** - GOMILA LIBRERÍA JURÍDICA, S.A.**Zamora** - LIBRERÍA MIGUEL NÚÑEZ

PUBLICACIONES BOE

CONSTITUCIÓN Y ESTATUTOS DE AUTONOMÍA

**Legislación de
ordenación y
supervisión del
seguro privado**

CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS

**CONTRATO
DE SEGURO:
RÉGIMEN
GENERAL****CONTRATO
DE SEGURO:
REGULACIONES
ESPECIALES**

CÓDIGO DE LEGISLACIÓN DEL SEGURO

1ª edición, marzo de 2003

1.552 páginas y CD-ROM

118,70 €MERCEDES VÉRGEZ
ÁNGELES CALZADA**SEGUROS
DE LA NAVEGACIÓN****PLANES
Y FONDOS DE PENSIONES****normas comunitarias****CUPÓN DE PEDIDO**

Deseo recibir las siguientes publicaciones:

CÓDIGO DE LEGISLACIÓN DEL SEGURO

☐..... ☐..... ☐

Si quiere recibir información periódicamente a través de correo electrónico sobre las novedades editoriales del BOE, indíquenos su dirección:

E-mail

FORMAS DE PAGO:

- CONTRA REEMBOLSO ☐
- TARJETA ☐ MASTERCARD ☐ VISA ☐ AMEX

FECHA DE CADUCIDAD

LA LIBRERÍA DEL BOE
Trafalgar, 27. 28010 MADRID
Tel.: 902 365 303/Fax: 91 538 21 21
http://www.boe.es
http://tienda.boe.es

N.º DE TARJETA

- Entrega en 48 h. por mensajería: 5 €.

D.
NIF
Domicilio
Población y código postal
Teléfono o fax
....., a de de 2003

Autorizo al BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO
a cargar en mi tarjeta las referencias solicitadas.

FIRMA:

BOE BOLETÍN
OFICIAL DEL
ESTADO

MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA

IMPRENTA NACIONAL

Avda. Manoteras, 54. 28050 MADRID

Teléfono: 902 365 303

Anuncios: 91 384 15 25

Suscripciones: 91 384 17 15

http://www.boe.es



Los datos que nos facilite serán incorporados a nuestra Base de Datos de Clientes. Usted podrá acceder, cancelar o rectificar sus datos, según la Ley Orgánica 15/1999.